

ACTA N 2019/40
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA
26 DE SETEMBRO DE 2019.-

ÍNDICE DE PUNTOS

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-.....	2
PUNTO SEGUNDO.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA.....	2
PUNTO TERCEIRO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1 E 2 DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO), DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E VIAIS MUNICIPAIS INCLUÍDAS NO POS 2019.....	4
PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE DOUS ANFITEATROS PARA A MOCIDADE.....	8
LOTE 2 AVDA. DO MUÍÑO VELLO MILLADOIRO. ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS 2018.....	8
PUNTO QUINTO.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS DE ACCESO E INTERIORES DO PARQUE EMPRESARIAL COA MELLORA DO VIAL DE ACCESO AO POLÍGONO DO MILLADOIRO DENDE A ESTRADA DE VENTÍN- COIRA.....	9
PUNTO SEXTO.- DECLARACIÓN DE DESERTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INFANTIL 2019.	10
PUNTO SÉTIMO.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DE ADQUISICIÓN DUN BEN INMOBLE, POR PROCEDEMENTO ABERTO E PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, PARA DESTINALO A ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO (COWORKING) NA MODALIDADE DE COMPRAVENDA CON PAGO APRAZADO.	10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2019.-

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as trece horas (13:00 h) do día vinte e seis (26) de setembro de dous mil dezanove (2019), reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José M. Miñones Conde, e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde David Santomil Mosquera, Genma Otero Uhía, Luísa Feijóo Montero, Ana Belén Paz García e Natividad González Rodríguez.

Non asiste pero xustifica a súa ausencia o concelleiro José Blas García Piñeiro.

Asiste a interventora Margarita Fernández Sobrino

Actúa de secretaria a titular da corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular á acta da **sesión anterior, ordinaria, do 20 de setembro de 2019**, que foi distribuída con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

PUNTO SEGUNDO.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA.

Expediente: 2018/U003/000006.

Con data 27 de decembro de 2.006, a Xunta de Goberno local, outorgou á entidade

[REDACTED] segundo o proxecto redactado aos efectos e asinado polos arquitectos Jesús Carrillo Pena e José M. Carballal Veiga, visado polo colexio profesional o 20 de setembro de 2.006 (expediente 388/06).

Mediante Decreto 315/2019 de 9 de febreiro, iníciase expediente de caducidade de licenza (exp. 2019/G003/00326), por incumprir o prazo máximo de remate das obras, sinalándose nela expresamente os prazos de execución das obras, (seis meses para o inicio e tres anos para o seu remate, non podendo suspenderse as obras por prazo superior a seis meses).

A promotora presenta alegacións e documentación no expediente de declaración de caducidade de licenza (Exp. 2019/G003/00326), do que se desprende a vontade de dar continuidade ás obras.

Con data 11-4-2019, [REDACTED]

[REDACTED] presenta solicitude de prórroga da licenza 388/2006, ratificando a solicitada en data de 21 de decembro de 2018, por prazo igual ao concedido inicialmente (r.e. 201900000002338).


En cumprimento do disposto no art. 6 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas, figuran abonados 64,57 euros, en concepto de prórroga de licenza de obras 388/2006.

Figuran no expediente informes favorables á prórroga solicitada, da arquitecta municipal e da

asesora xurídica de Urbanismo. Figura tamén conformidade da Tesourería Municipal ás consideracións tributarias.

Á vista dos informes favorables, técnico e xurídico, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.-



segundo o proxecto básico e de execución redactados polos arquitectos Jesús Carrillo Pena e José M. Carballal Veiga, visados o 20 de setembro de 2006 e o 19 de abril de 2007, respectivamente.

Segundo.- A eficacia da prórroga concedida quedará supeditada ao cumprimento dos propios termos da licenza 388/2006, a excepción de aquilo que contraveña o disposto no informe técnico da arquitecta municipal de 10 de setembro de 2019. En concreto se debe cumprir a condición de que os traballos respecten os prazos e termos seguintes:

- Un total de 2 meses para retomar as obras. (Neste prazo o promotor notificará ao concello coa sinatura do director de obra o día concreto en que retoma a obra, puntualizando se requirirá ou non ocupación de dominio público para estadas e acompañando coa completa documentación esixible de conformidade coa normativa en vigor aos efectos, se é o caso).
- Un total de 4 meses dende que se retome a obra para desenvolvemento e remate dos traballos que garantan estabilidade e estanquidade da construción sen interrupcións segundo o exposto e no orde seguinte:

1º- Restablecer a seguridade na traseira corrixindo o desprazamento da varanda.

2º- Acadar a estanquidade da edificación:

2.1.- Executar ata o remate a impermeabilización e acabados dos patios traseiros coa execución dos solados e revestimentos previstos, incluso os elementos de evacuación de auga de pluviais destas terrazas ata a conexión ca/s rede/s de saneamento de pluviais do edificio a confluír coas obras de remate da evacuación de augas de cuberta coa colocación de canlóns e baixantes ata conectar coa rede de pluviais na vía pública (lémbrase que o control e execución de acometidas á rede xeral corresponde á entidade concesionaria do ciclo da auga, hoxe Espina e Delfín, SL).

2.2.- Execución das fachadas da construción segundo o previsto en proxecto; os paramentos frontal e traseiro e colocación das carpinterías exteriores, de xeito que quede garantida a estanquidade e manteña ornato no espazo público e en consecuencia que poda acadar a consideración de edificación rematada exteriormente (condición explícita legal da prórroga), sen entender autorizable interromper estas obras antes de ter acadado o seu remate.

- Por último, para o remate total das obras obxecto da licenza na súa integridade estímase suficiente un prazo de 24 meses incluídas conexións aos servizos e solicitude da procedente primeira ocupación.
- Non se autoriza alterar outras condicións ou determinacións da licenza concedida.

Igualmente, deberán cumprirse as seguintes condicións:

- Os condutores de camións e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de barro antes de acceder a vía pública, así como que a citada vía quede limpa.
- Lémbrase así mesmo o deber legal de instar no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concede a presente prórroga de licenza de obra 2018/U003/000006.

Terceiro.- **Apercibir** aos titulares da prórroga que o incumprimento dos prazos establecidos

para a execución das obras dará lugar á apreciación por esta administración de reiteración ou reincidencia no incumprimento aos efectos da declaración de caducidade da licenza outorgada (artigo 359.5 do RLSG in fine).

Cuarto.- Ordenar o **levantamento das medidas cautelares** acordadas no Decreto de Alcaldía 905/2019.

Quinto.- Resolver e archivar o expediente de caducidade de licenza 2019/G003/000326, sen prexuízo de nova incoación de conformidade co disposto no apartado terceiro da parte dispositiva do presente acordo.

Sexto.- Notificar aos interesados no procedemento, con indicación do réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa:

Recurso de Reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo dun MES (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas).

Recurso Contencioso – Administrativo, no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte o da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

Sétimo.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO TERCEIRO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1 E 2 DO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO), DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E VIAIS MUNICIPAIS INCLUÍDAS NO POS 2019.

Expediente 2019/C003/000006.

LOTE 1 : CAMIÑO DE QUISTILÁNS A COSTOIA

A Xunta de Goberno local na súa sesión de 1 de agosto de 2019 aprobou o expediente de licitación mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, con un único criterio de adxudicación (prezo), dos contratos de obras dos lotes 1 e 2 de pavimentación de camiños e viais municipais incluídas no POS 2019. O lote 1 é Camiño Quistiláns-Costoia.

Tramitado o expediente de licitación do lote 1, Camiño Quistiláns-Costoia, con data 12 de setembro de 2019 reúnese a Mesa de Contratación para clasificación de ofertas, resultando clasificada en primeiro lugar SYR-AMG.

En base ó anterior, e ó conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Clasificar por orde decrecente de puntuación ás empresas participantes na licitación no procedemento aberto simplificado, cun único criterio de valoración (factor prezo), das obras de **Camiño de Quistiláns a Costoia, lote 1 do expediente de pavimentación de camiños e viais municipais POS 2019** declaradas admitidas no procedemento, coa seguinte orde:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA IVE INCLUÍDO	BAIXA TEMERARIA	PUNTOS
SYR - AMG	43.728,11	NO	100,00
OBRAS Y VIALES DE GALICIA (OVIGA)	43.820,01	NO	99,70
PONCIANO NIETO	44.402,58	NO	97,84
J MAURI E HIJOS	44.777,24	NO	96,63
ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	44.889,63	NO	96,27
VIAS Y SERVICIOS COMPOSTELA	45.170,62	NO	95,37

SONDEOS PORZUNA	45.464,09	NO	94,43
TABOADA Y RAMOS	46.800,38	NO	90,14
MARTINEZ MONTES E HIJOS	46.948,00	NO	89,66
NEXIA	47.175,01	NO	88,94
EXCAVACIONES POSE	48.279,00	NO	85,39
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA	50.144,64	NO	79,40
COSMALCA	50.249,65	NO	79,08
ALCOMTE GALICIA SL	50.880,96	NO	77,03
GESTAL Y LOPEZ	53.356,78	NO	67,90
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA	54.930,32	NO	56,14
NEMESIO ORDOÑEZ	55.148,86	NO	54,51
HORDESCON	55.236,28	NO	53,85
TARRIO Y SUÁREZ	55.885,68	NO	49,00
IGLESIAS MERA	56.984,65	NO	40,79

Segundo.- Declarar que as características esenciais da referida contratación para o clasificado en primeiro lugar, **SYR-AMG SL**, con **CIF B15938780** son as que figuran na proposición formulada pola empresa e ás que figuran nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

Terceiro.- Prezo:

A.- O importe da oferta do dito licitador ascende á 36.138,93 euros máis IVE do 21%, o que fai un importe total de **43.728,11 euros**.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de **7.586,18 euros**.

Cuarto.- Duración do contrato

A duración inicial do contrato será de **6 meses**, a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comenzo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

Quinto.- Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Sexto.- Notificar o presente acordo aos licitadores.

Sétimo.- No prazo de **dez días hábiles**, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presentará, por medios electrónicos e con sinatura electrónica a seguinte documentación:

a) Índice de documentos presentados

b) Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

c) Xustificación da solvencia Económica e Financeira

Debera acreditar a solvencia económica mediante os requisitos específicos de solvencia económica e financeira que se indican no PCAP.

d) Solvencia Técnica.

Deberá acreditar a solvencia técnica mediante os requisitos específicos de solvencia técnica que se indican no PCAP.

e) Garantía.

Documento acreditativo de ter constituída en calquera das formas establecidas no **artigo 108 da LCSP** unha **garantía definitiva por un importe de 1.806,95 euros**, segundo se especifica nos pregos que rexeron para a licitación correspondentes ao 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

Documento xustificativo, de ser o caso, de reembolso ao concello do importe dos anuncios de licitación. O adxudicatario deberá

aboar ao concello en concepto de reembolso dos gastos de publicacións dos anuncios de licitación de acordo co estipulado no artigo 75 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

f) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometera a dedicar ou adscribir a execución do contrato segundo o establecido no PCAP segundo o establecido no Anexo V con respecto ao Lote 1 .

A acreditación poderá realizarse:

Medios persoais:

-Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras

-Numero de traballadores que especifique se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou os TC

Medios materiais:

Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberan describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

- Asi mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

- No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto do presente contrato

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Oitavo.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

LOTE 2 PAVIMENTACIÓN ACCESOS EN COSTOIA .

A Xunta de Goberno local na súa sesión de 1 de agosto de 2019 aprobou o expediente de licitación mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, con un único criterio de adxudicación (prezo), dos contratos de obras dos lotes 1 e 2 de pavimentación de camiños e viais municipais incluídas no POS 2019. O lote 2 é Pavimentación accesos en Costoia.

Tramitado o expediente de licitación do lote 2, Pavimentación accesos en Costoia, con data 12 de setembro de 2019 réunese a Mesa de Contratación para clasificación de ofertas, resultando clasificada en primeiro lugar a empresa SYR – AMG.

En base ó anterior, e ó conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Clasificar por orde decrecente de puntuación ás empresas participantes na licitación no procedemento aberto simplificado, cun único criterio de valoración (factor prezo), das obras de **Pavimentación accesos en Costoia, lote 2 do expediente de pavimentación de camiños e viais municipais POS 2019** declaradas admitidas no procedemento, coa seguinte orde:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA IVE INCLUIDO	BAIXA TEMERARIA	PUNTOS
SYR - AMG	33.125,19	NO	100,00
PONCIANO NIETO	33.278,63	NO	99,28
ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	33.441,26	NO	98,51
J MAURI E HIJOS	33.506,32	NO	98,21
VIAS Y SERVICIOS COMPOSTELA	33.868,74	NO	96,50
SONDEOS PORZUNA	33.924,50	NO	96,24
TABOADA Y RAMOS	34.919,39	NO	91,55
NEXIA	35.230,18	NO	90,09
OBRAS Y VIALES DE GALICIA (OVIGA)	35.420,00	NO	89,19
MARTINEZ MONTES E HIJOS	35.695,00	NO	87,90
EXCAVACIONES POSE	36.179,00	NO	85,62
COSMALCA	38.269,12	NO	75,78
FARIDO SL	39.017,13	NO	72,25

HORBAN HORMIGONES SL	39.184,40	NO	71,47
NEMESIO ORDOÑEZ	39.449,24	NO	70,22
GESTAL Y LOPEZ	39.704,81	NO	67,90
ALCOMTE GALICIA SL	40.778,97	NO	57,12
HORDESCON	43.082,86	NO	33,97
TARRIO Y SUAREZ	43.617,21	NO	28,61
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA	45.533,57	NO	9,38

Segundo.- Declarar que as características esenciais da referida contratación para o clasificado en primeiro lugar, **SYR-AMG SL**, co **CIF B15938780**, son as que figuran na proposición formulada pola empresa e ás que figuran nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

Terceiro.- Prezo:

A.- O importe da oferta do dito licitador ascende á **27.376,19 euros** máis IVE do 21%, o que fai un importe total de **33.125,19 euros**.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de **5.749 euros**.

Cuarto.- Duración do contrato

A duración inicial do contrato será de **6 Meses**, a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comenzo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

Quinto.- Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Sexto.- Notificar o presente acordo aos licitadores.

Sétimo.- No prazo de **dez días hábiles**, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presentará, por medios electrónicos e con sinatura electrónica a seguinte documentación:

a) Índice de documentos presentados

b) Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

c) Xustificación da solvencia Económica e Financeira

Debera acreditar a solvencia económica mediante os requisitos específicos de solvencia económica e financeira que se indican no PCAP.

d) Solvencia Técnica.

Deberá acreditar a solvencia técnica mediante os requisitos específicos de solvencia técnica que se indican no PCAP.

e) Garantía.

Documento acreditativo de ter constituída en calquera das formas establecidas no **artigo 108 da LCSP** unha **garantía definitiva por un importe de 1.368,81 euros**, segundo se especifica nos pregos que rexeron para a licitación correspondentes ao 5% do prezo de adjudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

Documento xustificativo, de ser o caso, de reembolso ao concello do importe dos anuncios de licitación. O adxudicatario deberá aboar ao concello en concepto de reembolso dos gastos de publicacións dos anuncios de licitación de acordo co estipulado no artigo 75 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

f) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometera a dedicar ou adscribir a execución do contrato segundo o establecido no PCAP segundo o establecido no Anexo V con respecto ao Lote nº 2.

A acreditación poderá realizarse:

Medios persoais:

-Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras

-Numero de traballadores que especifique se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou os TC

Medios materiais:

Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra,

arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberan describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

- Así mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

- No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto do presente contrato

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Oitavo.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE DOUS ANFITEATROS PARA A MOCIDADE.

LOTE 2 AVDA. DO MUÍÑO VELLO MILLADOIRO. ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS 2018.

Expediente 2018/C003/000024

En sesión de Xunta de Goberno Local de 13 de decembro de 2018 foi aprobado expediente de licitación de obras de construción de dous anfiteatros para a mocidade na rúa Lapido de Bertamiráns (Lote 1) e na Avda Muíño Vello en Milladoiro (Lote 2), mediante procedemento aberto simplificado e tramitación anticipada.

En sesión de Xunta de Goberno Local do 4 de abril de 2019 se procede a clasificación de ofertas, previa apertura das mesmas en sesión de Mesa de Contratación do 18 de xaneiro de 2019.

En sesión de Xunta de Goberno Local de 1 de agosto de 2019 se procede á adxudicación dos dous lotes do expediente de licitación á López e Leis S.A.

En relación ao lote 1, rúa Lapido de Bertamiráns, o adxudicatario López e Leis S.A., retira a súa oferta, o cal foi aceptado en Xunta de Goberno Local do 29 de agosto de 2019, declarándose deserto o expediente de licitación do lote 1 rúa Lapido de Bertamiráns, ao non existir máis licitadores neste lote.

En relación ao lote 2, Avda Muíño Vello en Milladoiro, o adxudicatario López e Leis S.A., retira tamén a súa oferta, o cal foi aceptado en Xunta de Goberno Local do 29 de agosto de 2019, procedéndose a unha nova clasificación, resultando clasificado en primeiro lugar **Construcciones Iglesias Mera, SL.**, CIF **B-15032287**, tal e como resulta da Xunta de Goberno Local de 29 de agosto de 2019. Requirida a documentación necesaria para proceder á adxudicación, a mesma é achegada tal e como resulta da acta da Mesa de Contratación de 24 de setembro de 2019.

Figura informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal (informe 403/2019).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019) adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra de construción de anfiteatros para a mocidade. Lote 2: Avda Muíño Vello Milladoiro á empresa **Construcciones Iglesias Mera, SL** con CIF **B-15032287**, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de VINTE MIL TRIINTA E OITO EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (20.038,77.- €) sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de catro mil douscentos oito euros con catorce céntimos (4.208,14.- €).

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 22 días, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Director facultativo da obra e coordinador de seguridade e saúde: O enxeñeiro de camiños, canles e portos Pablo Blanco Ferreiro, e como coordinador de seguridade e saúde ao técnico superior en prevención de riscos laborais D. Ignacio José Alonso Díaz, ambos de Estudio Técnico Gallego SA.

E.- Representante do órgano xestor: María Gamundi Fernández, que actuará como representante do órgano xestor e dará conformidade ás certificacións de obra e acudirá ás recepcións das obras actuando por delegación expresa da Intervención municipal (base 36 de execución do orzamento municipal e Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018)

F.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos licitadores e dar traslado aos departamentos afectados.

Cuarto.- Facultar ó señor alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO QUINTO.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS DE ACCESO E INTERIORES DO PARQUE EMPRESARIAL COA MELLORA DO VIAL DE ACCESO AO POLÍGONO DO MILLADOIRO DENDE A ESTRADA DE VENTÍN- COIRA.

Expediente 2019/C003/000005

A Xunta de Goberno Local de data 8 de agosto de 2019, aprobou o expediente de licitación das obras de pavimentación de mellora de infraestruturas viarias de acceso e interiores do parque empresarial coa mellora do vial de acceso ao polígono do Milladoiro dende a estrada Ventín-Coira, mediante procedemento aberto simplificado abreviado.

Tramitado o expediente de licitación e procedéndose á apertura de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de 13 de setembro detecta que a oferta de empresa clasificada en primeiro lugar está incluída en baixa temeraria. Non obstante, a empresa xustifica a baxia polo que a Mesa de Contratación na súa reunión do día 24 de setembro de 2019, formulou proposta de clasificación/ adxudicación por orde decrecente a favor da empresa **Excavaciones Pose, SL** por ser a oferta económica máis vantaxosa.

Figura informe de fiscalización favorable da Intervención municipal (informe 402/2019).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización das obras de pavimentación e mellora de infraestruturas viarias de acceso e interiores do parque empresarial coa mellora do vial de acceso ao polígono do Milladoiro dende a estrada Ventín-Coira á empresa **Excavaciones Pose, SL**, con **CIF B15626922**, e nas seguintes condicións:

A.- O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de corenta e nove mil cincocentos euros (49.500.- €).

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de dez mil trescentos noventa e cinco euros (10.395.- €)

C.- Duración do contrato: A duración inicial do contrato será de 2 Meses, a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

D.- Nomear como director facultativo da obra ao arquitecto redactor do proxecto D. Pablo Blanco Ferreiro, e como **coordinador de seguridade e saúde** ao técnico superior en prevención de riscos laborais D. Ignacio José Alonso Díaz, ambos de Estudio Técnico Gallego SA.

E.- Representante do órgano xestor: Marta Bellas Rodríguez, arquitecta do departamento de urbanismo do Concello, que actuará como representante do órgano xestor e dará conformidade ás certificacións de obra e acudirá ás recepcións das obras actuando por delegación expresa da Intervención municipal (base 36 de execución do orzamento municipal e Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018).

F.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público, para a súa inscrición, os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos licitadores e dar traslado aos departamentos afectados.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO SEXTO.- DECLARACIÓN DE DESERTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INFANTIL 2019.

Expediente: 2019/C004/000009

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 5 de setembro de 2019, aprobou o expediente de licitación mediante procedemento aberto simplificado abreviado con varios criterios de adxudicación automáticos do contrato administrativo de servizos de organización do festival internacional de cine infantil 2019.

Con data 6 de setembro de 2019 procedeuse a súa publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público. O prazo de presentación de ofertas rematou o 20 de setembro de 2019.

Unha vez rematado dito prazo, comprobouse que non se presentou ningunha empresa a dita licitación.

Visto o anterior, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e o artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar **deserto o expediente de contratación de servizos** de Organización do Festival Internacional de Cine Infantil 2019.

Segundo.- Dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO SÉTIMO.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DE ADQUISICIÓN DUN BEN INMOBLE, POR PROCEDIMENTO ABERTO E PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, PARA DESTINALO A ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO (COWORKING) NA MODALIDADE DE COMPRAVENDA CON PAGO APRAZADO.

Expediente: 2019/C006/000006

Visto a declaración de necesidade efectuada pola Concellería de Promoción Económica do Concello de Ames, para licitar a adquisición de un local para espazo de traballo colaborativo na modalidade de compravenda con pago aprazado.

Visto que consta no expediente informe de Intervención (163/2019), sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que emitiuse Informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto o Informe de Intervención, acerca da existencia de crédito axeitado e suficiente para afrontar os gastos derivados deste contrato no ano 2019.

Visto o informe proposta de Secretaria .

Figura informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal (informe 401/2019).

Visto o anterior, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e o artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o expediente de adquisición de un ben inmovible para adicalo a espazo de traballo colaborativo (coworking) na modalidade de compravenda con pago aprazado. O procedemento será aberto con pluralidade de criterios de adxudicación.

Segundo.- Aprobar o gasto por importe de 480.550 euros máis IVE (21%) 100.915,50 euros o que fai un total de 581.465,50 euros. O gasto se imputa ás seguintes anualidades:

	Anualidade	Importe máximo sobre o orzamento de licitación	% sobre orzamento máximo de licitación	Aplicación Orzamentaria
1	Ano 2019	399.025,98 euros	0,68%	2411-63200
2	Ano 2020	91.219,77 euros	0,16%	2411-63200
3	Ano 2021	91.219,75 euros	0,16%	2411-63200
	Total	581.465,50 euros	1%	2411-63200

Terceiro.- Aprobar os Pregos de licitación, redactados polo servizo de contratación que figuran no anexo.

Cuarto.- Publicar o anuncio de licitación na plataforma de contratación do sector público.

Quinto.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os prego de cláusulas administrativas particulares.

Sexto.- Designar aos membros da Mesa de Contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante. No concello de Ames existe Mesa de Contratación permanente aprobada por Xunta de Goberno Local de 4 de xullo de 2019.

Sétimo.- Dar traslado aos servizos de contratación e servizos económicos do concello aos efectos oportunos.

Oitavo.- Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Anexo

PREGO DE CONDICIÓN PARA A ADQUISICIÓN DUN BEN INMOBLE POR PROCEDIMENTO ABERTO CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PARA DESTINALO A ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO (COWORKING) NA MODALIDADE DE COMPRAVENTA CON PAGO APRAZADO.

EXPEDIENTE:2019/C006/000006

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

1.- RÉXIME XURÍDICO

O presente contrato configúrase como un contrato patrimonial de adquisición onerosa dun ben inmoible que, conforme á normativa de réxime local e contratación, terá a consideración de contrato privado.

Rexerase polos presentes pregos condicións técnicas e administrativas, pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL en diante), pola Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas no que resulte básico (LPAP en diante), polo Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL en diante) e supletoriamente, polo resto de normas de carácter administrativo.

Así mesmo, en canto á súa preparación e adxudicación aplicarase, por remisión normativa do réxime local, a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP, en diante), co obxecto de garantir os principios de publicidade, concorrência, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación.

Finalmente, en canto aos seus efectos e extinción, será de aplicación a normativa de Dereito privado que lle sexa de aplicación.

2.- OBXECTO DO CONTRATO

Constitúe o obxecto do presente prego establecer as condicións que van a rexer a adquisición dun ben inmoible, que pode estar ubicado na Zona A ou na Zona B, libre de cargas e gravames, arrendatarios, ocupantes ou precaristas coa finalidade de destinalo a espazo de traballo colaborativo (coworking) do Concello de Ames, na modalidade de pago aprazado.

3.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN E PREZO MÁXIMO

O orzamento de licitación estableceuse en base ao prezo metro cadrado construído das zonas fixadas no anexo III desta memoria, atendendo ao documento de taxación realizado por una entidade taxadora, inscrita no Rexistro Oficial de Sociedades de Taxación do Banco de España.

Orzamento de licitación e prezo máximo por locais ubicados na Zona A: 255.500,00 euros mais 53.655,00€ correspondentes ao IVE o que fai un total de 309.155,00 euros.

Orzamento de licitación e prezo máximo por locais ubicados na Zona B: 480.550,00 euros mais 100.915,50€ correspondentes ao IVE o que fai un total de 581.465,50 euros.

No importe atópanse incluídos todos aqueles gastos e/ou impostos que leve consigo a adquisición do local.

No orzamento do exercicio 2019 na aplicación 2411.63200, Proxecto de gasto: 2019/2/PROX./19 existe crédito para anualidade 2019 que ascende a 399.028,98 euros.

O contrato licítase na modalidade de pago aprazado de acordo co establecido na Disposición adicional terceira punto 9 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; as anualidades do contrato son as seguintes:

	Anualidade	Importe máximo sobre o orzamento de licitación	% sobre orzamento máximo de licitación	Aplicación Orzamentaria
1	Ano 2019	399.025,98 euros	0,68	2411-63200
2	Ano 2020	91.219,77 euros	0,16	2411-63200
3	Ano 2021	91.219,75 euros	0,16	2411-63200
	Total	581.465,50 euros	1	2411-63200

O pagamento distribuírase nas anualidades 2019-2020-2021 conforme á cláusula 16 deste prego. Sen prexuízo de que o concello en calquera momento e segundo as dispoñibilidades orzamentarias poida satisfacer a totalidade da débeda.

O importe do contrato financiarase con fondos propios e con 200.000 euros procedentes de unha subvención outorgada pola Deputación Provincial da Coruña no marco de un convenio de colaboración para financiar o proxecto de adquisición de un ben inmoible para o seu uso como espazo de traballo colaborativo (coworking), no marco do plan de emprego Local da Deputación da Coruña PEL 2016-2019, asinado o día 5 de abril de 2019.

4.- CAPACIDADE DOS LICITADORES.

Poderán optar á adxudicación da presente licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non se atopen incursas nas prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración establecidas no artigo 71 da LCSP.

No caso de persoas xurídicas, os licitadores deberán presentar a documentación que acredite debidamente que a actividade de venda está comprendida dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, lle sexan propios.

As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que se acompañará á documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 6, en forma substancialmente análoga

5.- MOTIVACIÓN DO CONTRATO

A Deputación Provincial de A Coruña dentro do marco do Plan de Emprego Local (PEL) 2016-2019, na liña 2 PEL-EMPRENDE, e coa finalidade de dinamizar a actividade empresarial e fortalecer o tecido produtivo a nivel local, apoia financeiramente a promoción de viveiros de empresas e a creación de espazos de traballo colaborativo (coworking) que dinamicen á actividade empresarial.

Dentro desta liña de actuación e atendendo a un interese mutuo da creación dun espazo coworking no Concello de Ames, asinou se un convenio de colaboración coa Deputación Provincial de A Coruña, no que contribúe ao financiamento da adquisición dun ben inmovible para esa finalidade, cunha achega máxima de 200.000 euros.

Pola Alcaldía ditase providencia para que, no marco do Convenio indicado, se inicie expediente de adquisición de un inmovible no que establecer o espazo colaborativo, motivando que o mesmo se sitúe nun determinado ámbito, comprendido no plano que se xunta como Anexo III de este prego na localidade de Milladoiro e que conte coas características do punto 15 deste prego.

6.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

A adquisición terá lugar mediante **procedemento aberto con varios criterios de adxudicación** e tramitación ordinaria, no que calquera interesado poderá presentar una oferta.

A adxudicación do contrato realizarase utilizando una pluralidade de criterios de adxudicación de conformidade co que se establece na cláusula 12 dos presentes pregos de condicións.

7.- ÓRGANO COMPETENTE.

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda, apartado once da LCSP, tendo en conta a delegación realizada por decreto da Alcaldía 1776/2019.

Corresponde a dito órgano a aprobación do expediente, licitar e adxudicar a adquisición, a facultade de interpretar e resolver as dúbidas que ofrezca a execución, modificalo, suspendelo e acordar a súa extinción con suxeición a este prego e a normativa que resulte de aplicación.

8.- PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

A presentación de proposicións ou solicitudes de participación farase electrónicamente e dentro do prazo de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público <https://www.contrataciondelestado.es>

As proposicións ou solicitudes de participación dos interesados deberán axustarse ao presente prego de condicións e demais documentos contractuais, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo licitador do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha.

As proposicións serán secretas e cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición.

Os licitadores deberán indicar que documentos (ou parte dos mesmos) ou datos dos incluídos nas ofertas teñen a consideración de «confidenciais», sen que resulten admisibles as declaracións xenéricas de confidencialidade de todos os documentos ou datos da oferta.

A condición de confidencial deberá reflectirse claramente (sobre impresa, á marxe ou de calquera outra forma claramente identificable) no propio documento que teña tal condición, sinalando ademais os motivos que xustifican tal consideración.

Non se considerarán confidenciais documentos que non fosen expresamente cualificados como tales polos licitadores e tampouco aqueles cualificados como confidenciais sen que se xustifique tal consideración.

9.- FORMA E CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

As proposicións constarán dos arquivos electrónicos que a continuación se indican, pechados e asinados polo licitador ou persoa que o representa facendo constar en cada un deles, de modo visible no exterior o órgano de contratación ao que se dirixe, o procedemento ao que concorre o seu respectivo contido e o nome do licitador.

No caso de ser varios os titulares do local esixirase a documentación de cada un dos titulares, e os anexos deberán vir asinados por cada un dos titulares, non obstante a presentación poderá realizarse por un único titular en cuxo caso acompañarase documento autorizado polos titulares, a dita presentación.

Os sobres ou arquivos electrónicos divídense da seguinte forma:

Sobre A ou arquivo electrónico A - Documentación Administrativa

Todos os licitadores deberán presentar:

I. Declaración responsable relativas a non estar incurso en prohibicións para contratar coa Administración, de estar ao corrente no cumprimento de obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e de que non existen débedas de natureza tributaria en período executivo co Concello de Ames, conforme o **anexo I**.

II. D.N.I. ou documento que, no seu caso, que regulamentariamente o substitúa, do titular ou titulares rexistrados si se tratase de persoas físicas, e de selo caso, do seu representante.

III. Os licitadores deberán indicar una dirección electrónica a efectos de notificacións, xa que a práctica das notificacións e comunicacións realizarase por medios electrónicos, ben por medio da súa publicación no perfil do contratante, ben por medio de notificación electrónica nos termos recollidos na D.A. décimo quinta da LCSP.

Todas as notificacións e comunicacións que realice a Administración practícaranse a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia (Notifica.gal) ao que se accede a través da seguinte dirección <https://notifica.xunta-gal/notificacións/portal/login>.

IV. Autorización de acceso ao inmovible a favor de persoa^l do Concello para a inspección cantas veces estimen oportuno, previa solicitude (Anexo I).

As **Persoas Xurídicas**, ademais, deberán presentar preceptivamente:

1. Escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate, así como o Número de Identificación Fiscal (N.I.F.)

2. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro ou representen a unha persoa xurídica, deberán acompañar tamén poder acreditativo da súa representación

Comprobación da veracidade das declaracións responsables.

Os servizos do órgano de contratación ou a Mesa de contratación poderán, en calquera momento, solicitar a xustificación documental do cumprimento das condicións sobre as que os licitadores declarasen responsablemente o seu cumprimento.

O licitador deberá presentar a documentación requirida no prazo concedido, cun máximo de **cinco días hábiles**, a contar desde o envío do requirimento. De non cumpríntase adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta e será excluído do procedemento de licitación. A presentación de declaracións responsables de cumprimento de requisitos de participación será obxecto de emenda polos licitadores a requirimento dos servizos dependentes do órgano de contratación ou a mesa de contratación, cando non se presentou, ou non estivese adecuadamente cumprimentada a presentada.

Igualmente, o proposto como adxudicatario poderá emendar a falta ou incompleta presentación dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos de participación que lle sexan requiridos con carácter previo á adxudicación do contrato. O prazo para iso será de **tres días hábiles**. Se non se emendase en prazo o requirido, o órgano ou a mesa de contratación entenderán que o licitador desiste da súa oferta

Sobre C relativo aos criterios automáticos de valoración.

1. a) Escritura de propiedade debidamente inscrita no Rexistro da Propiedade libre de cargas e gravames, arrendatarios ou ocupantes e deberá estar ao corrente do pagamento do imposto de bens inmovibles e das taxas de subministro de auga e saneamento e recollida e tratamento de residuos.

2. b) Certificación catastral descritiva e gráfica do inmovible. Poderase obter a través da dirección electrónica www.sedecatastro.gob.es. No caso de non ser posible presentar dita certificación, deberá incluírse unha fotocopia do último recibo do imposto sobre bens inmovibles (en diante, IBI), co fin de que o Concello obteña a citada certificación catastral á vista do número de referencia que figure no devandito recibo.

3. c) Certificación enerxética.

4. d) Proxecto ou documentación técnica que recolle as actuacións a realizar para o caso de que o local precise da realización de obras para acadar as características indicadas neste prego.

5. e) A proposición económica presentárase redactada conforme ao modelo fixado no Anexo II do presente prego. Non será causa bastante para o rexeitamento, o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo se iso non altera o seu sentido.

En caso de discrepancia entre a oferta económica expresada en números e a expresada en letra, prevalecerá esta sobre aquela na medida en que dos documentos que compoñen a proposición non se desprenda outra cousa.

Esta proposición económica deberá estar asinada por aquel que teña facultades para realizala. No caso de que sexan varios os titulares do inmovible, a proposición económica deberá identificar a todos eles, debendo estar asinada, igualmente, por todos eles. Non se admitirán ofertas de compras parciais ou condicionadas.

10.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa. A súa composición será a seguinte, aprobada en Xunta de Goberno Local do 4 de xullo de 2019:

Presidente/a da Mesa:

Alcalde do Concello, José M. Miñones Conde.

1º suplente: Primeiro Tenente de Alcalde, David Santomil Mosquera.

2º suplente: Segundo Tenente de Alcalde, José Blas García Piñeiro.

3º suplente: Terceira Tenente de Alcalde, Genma Otero Uhía.

Vogais:

A titular da Secretaría municipal, Rosa Ana Prada Queipo, que actuará como vogal, ou funcionario/a que actúe como secretario/a accidental.

A titular da Intervención municipal, Margarita Fernández Sobrino, que actuará como vogal ou funcionario/a que actúe como interventor/a accidental.

O Xefe do Servizo de Contratación, José Rogelio Pardo Martínez, que actuará como vogal ou calquera outro/a funcionario/a da Corporación, preferentemente funcionario de carreira.

Secretaria/o da mesa:

O funcionario de carreira adscrito ó servizo de contratación, Emilio Garrido Moreira.

1º Suplente: M^a Isabel Quintáns Rios funcionaria interina do servizo de contratación.

2º Suplente: Jose Cabo Nodar, funcionario interino do servizo de secretaría

11.- APERTURA E EXAME DAS PROPOSICIÓNS. CLASIFICACIÓN E VALORACIÓN

A apertura de arquivos efectuarase por medios electrónicos a través dos medios que dispoña a Plataforma de Contratación do Estado.

A apertura dos arquivos non se realizará en acto público, dado que na licitación se utilizan exclusivamente medios electrónicos. O sistema informático que soporte a plataforma electrónica de contratación pública ten un dispositivo que permita acreditar fehacientemente o momento da apertura de sobre e o segredo da información que estea incluída.

Concluído o prazo de presentación de ofertas, no día hábil que se determine na Plataforma de Contratación do Estado reunirse a mesa de contratación, procedendo á apertura e cualificación da documentación presentada polos licitadores no arquivo electrónico A. Documentación Administrativa, verificándose que constan os documentos e declaracións responsables a que fai referencia este presente prego, concedendo en caso contrario un prazo de **3 días hábiles**, para a súa emenda aos licitadores que non o presentaron ou non o cumprimentaron adecuadamente.

A mesa desestimarán aqueles licitadores que non acheguen toda a documentación requirida ou que non emenden no prazo conferido, dando coñecemento sobre a admisión ou exclusión das empresas licitadoras.

En un prazo non superior a 7 días a contar dende o día seguinte ao de apertura da documentación administrativa, procederase a apertura do sobre C.

A data concreta de apertura do sobre C será anunciada na plataforma de contratación do Estado.

A continuación poderán solicitarse os informes técnicos necesarios relacionados co cumprimento do local ou da documentación técnica presentada das características esixidas neste prego.

De todas as ofertas presentadas e que cumpran co establecido nos pregos, con carácter previo a que a Mesa formule proposta de adjudicación, encargarase a unha empresa taxadora independente inscrita no Rexistro Oficial de Sociedades de Taxación do Banco de España, a realización dunha taxación co obxecto de contrastar o prezo ofertado e o prezo de mercado, así como as características do Local.

No caso de que o importe ofertado supere o valor de taxación a oferta quedará excluída.

Analizados os informes a mesa de contratación realizará a proposta de adjudicación ao órgano de contratación.

12.- CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN

12.1.- Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas: Ata 100 puntos.

12.1.1.- Oferta Económica (ata 20 puntos):

Criterio 1. Prezo de venta:

Locais situados na Zona A: Asignaráselle a máxima puntuación ao licitador que oferte maior baixa sobre o orzamento máximo de licitación fixado para a zona e ao resto de licitadores de forma proporcional en base á seguinte fórmula.

Puntuación = $20 \times B/A$ (sendo A a % de baixa de cada licitador e B a oferta económica do licitador que realiza a maior % baixa), (ata 20 puntos).

Locais situados na Zona B: Asignaráselle a máxima puntuación ao licitador que oferte maior baixa sobre o orzamento máximo de licitación fixado para a zona e ao resto de licitadores de forma proporcional en base á seguinte fórmula.

Puntuación = $20 \times B/A$ (sendo A a % de baixa de cada licitador e B a oferta económica do licitador que realiza a maior % baixa), (ata 20 puntos).

12.1.2.- Outros criterios avaliados de forma automática (ata 80 puntos).

Criterio 2. Redución no prazo de entrega do local a contar dende a formalización (30 días naturais) ata un máximo de redución de 15 días naturais (máximo 15 pts).

Por cada día de redución	1 punto
--------------------------	---------

Criterio 3. Metros cadrados de fachada de cara ao espazo público, rúa ou praza lindante. (max. 15 pts).

Máis de 40 metros cadrados	15 puntos
De 31 a 40 metros cadrados	8 puntos
De 10 a 30 metros cadrados	4 puntos

Criterio 4. Distancia do local á parada de transporte público metropolitano mais cercana (max. 10 pts).

Menos de 150 m.	10 puntos
Entre 151 e 250 m.	5 puntos
Mais de 251 m.	1 punto

Criterio 5. Ubicación do local. Valorarase segundo as zonas establecidas no anexo III (max 30 pts).

Ubicación do local na zona A	10 puntos
Ubicación do local na zona B.	30 puntos

Criterio 6. Características do inmovible (max 10 pts).

Dispón/ disporá de aire acondicionado.	5 puntos
Dispón/ disporá de sala de reunións.	3 puntos
Dispón/ disporá de despachos.	1 despacho: 1 punto 2 ou mais despachos: 2 puntos

CAPÍTULO II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN.

13.- ADXUDICACIÓN

A proposta de adxudicación non crea dereito algún en favor do licitador proposto, que non os adquirirá, respecto da Administración, mentres non se formalice a escritura pública de compravenda.

Antes da adxudicación, o órgano competente por razóns de interese público debidamente xustificadas poderá renunciar a adxudicar o contrato. Tamén poderá desistir do procedemento, antes da adxudicación, cando se aprecie unha infracción non emendable das normas de preparación ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Nestes supostos o órgano competente na notificación aos licitadores indicará a compensación que proceda abonar polos gastos en que incorrese na licitación de acordo cos principios xerais que rexen a responsabilidade da Administración.

Así mesmo, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores achegar documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

O órgano de contratación efectuará a adxudicación ou declarará deserta a licitación no prazo máximo de 1 mes a contar desde o día seguinte ao de apertura das proposicións recibidas, motivando en todo caso a súa resolución.

Transcorrido o prazo anterior sen que se producise a adxudicación, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposta e a que se lles devolva ou cancele a garantía constituída, se fose o caso.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, no termo de **10 días hábiles** desde o día seguinte á recepción do requirimento, presente a seguinte documentación:

Obrigas tributarias

a) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RGLCAP.

b) Obrigas coa Seguridade Social: Certificación positiva expedida pola Tesouraría da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RGLCAP.

c) O concello comprobará de oficio que o adxudicatario se atope ao corrente das obrigas co Concello de Ames.

O licitador poderá subscribir documento autorizando expresamente ao Concello de Ames para que, no seu nome, obteña dos organismos correspondentes a documentación relativa ás súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

De non cumprimentarse os extremos indicados no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedendo neste caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde que quedasen clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación terá que adxudicar o contrato dentro do cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación sinalada no apartado quinto desta cláusula. A adxudicación efectuarase mediante acordo motivado que se notificará aos candidatos e licitadores e publicarase de forma simultánea no perfil do contratante do Concello de Ames.

14.- FORMALIZACIÓN

O contrato perfeccionarase mediante a súa formalización.

A formalización deberá ter lugar dentro do prazo de **dez días hábiles** a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación.

Realizada a formalización o adxudicatario deberá realizar (se foran precisas) as obras necesarias para que o local cumpra cos requisitos deste prego no prazo máximo de 30 días naturais. No caso de non cumprir con esta obriga procederase a resolución do contrato.

Unha vez formalizado elevarase a escritura pública, e deberá inscribirse no Rexistro da Propiedade.

CAPÍTULO III. CONDICIÓNS TÉCNICAS E ECONÓMICAS

15.- CARACTERÍSTICAS DO INMOBLE A ADQUIRIR.

As características do ben a adquirir son as seguintes:

1.- Dimensións: A superficie útil mínima do local será mínima de 350 m² útiles e máxima de 550 m² útiles

A dimensión do local debe ser suficiente para a instalación de entre 30 e 40 postos de traballo individuais, despachos individuais, zonas comúns de reprografía, zona de formación e espazos de lecer para o cal estímase necesario un mínimo de 350 metros cadrados útiles e un máximo de 550 metros cadrados útiles.

2.- Accesibilidade: Deberá ter accesibilidade directa dende a rúa, praza ou espazo público aberto.

O espazo contará coa presenza de mais de 30 persoas, polo que buscarase un espazo de fácil acceso que evite o tránsito de tanta xente a través de portais ou en plantas altas, obrigando ao uso de ascensores ou escaleiras para o seu acceso, co conseguinte custe de mantemento.

Ademais preténdese unha conformación externa singular, moderna e innovadora que potencie a imaxe tecnolóxica do espazo colaborativo, no que a superficie de escaparate será un elemento importante. Para iso o espazo debe ser visible desde a rúa e de acceso directo.

3.- Ubicación: O local deberá estar situado na localidade de O Milladoiro, no ámbito comprendido no plano que se xunta como Anexo III de este prego.

O coworking é un estilo de traballo no cal profesionais independentes no mundo dos negocios, comparten unha atmosfera de traballo aínda que actúen de forma independente. Esta nova concepción que se materializa en lugares nos que se crean sinerxías das cales se benefician os novos emprendedores, tales como a flexibilidade no uso deste tipo de espazos, sen interferencias, crea vínculos con outros empresarios e axuda á conciliación familiar.

A creación de novos modelos de negocio colaborativo produce un beneficio individual e colectivo xa que no entorno do parque empresarial de O Milladoiro existe un importante número de oficinas e lofts cos que se poden xerar novas alianzas laborais baseadas en proxectos de base tecnolóxica de execución conxunta, sendo determinante para abordar a implementación dun espazo colaborativo baseado nas novas tecnoloxías.

A estrutura sectorial da actividade económica dos negocios do entorno é principalmente de iniciativas empresariais de base tecnolóxica: Consultoras, Empresas de programación e software, deseño gráfico, estudos de arquitectura e deseño industrial.

Un entorno tan denso de empresas de base tecnolóxica é o ideal para a creación de redes de colaboración con empresas xa implantadas e que poden xerar as alianzas emprendedoras xa comentadas.

Nas rúas do Polígono Empresarial Novo Milladoiro se concentran 289 empresas do sector da loxística, deseño e artes gráficas e produción audiovisual, o que reforza o activo emprendedor da elección do espazo elixido que prima aquela ubicación que se atope mais preto ao entorno empresarial do resto de empresas e locais do Parque empresarial.

4.- Distribución: O local deberá contar cando menos cunha superficie diáfana do 50% sen división de tabiques interiores.

A dimensión do local debe ser suficientemente ampla como para albergar entre 30 e 40 postos de traballo individuais, despachos individuais, zonas comúns de reprografía, zona de formación e espazos de lecer. Ademais o espazo debe dispoñer de aseos adaptados e zona de recepción, polo que as dimensións axeitadas para albergar estas características non debe ser inferior aos 350 m² útiles nin superior aos 550m² útiles de cara a poder manter uns custes de mantemento axeitados e establecer un ambiente de traballo colaborativo.

5.- Especificacións técnicas: O espazo deberá cumprir coas especificacións técnicas que permitan o cumprimento da normativa de accesibilidade vixente. Sendo necesario que o local conte con aseos masculino, feminino e de persoas con discapacidade.

A existencia do espazo debe estar acondicionado para cumprir coas condicións de seguridade, accesibilidade e de funcionalidade construtiva que esixen os espazos colaborativos, atendendo ás necesidades fixadas pola normativa e a xustificación do cumprimento das normativas vixentes e particular co planeamento urbanístico vixente como establece o artigo 24 da Lei 9/2013, de 19 de decembro do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.

6.- O ben inmovible deberá cumprir con toda a normativa urbanística de aplicación.

A existencia do espazo debe estar acondicionado para cumprir coas condicións de normativa urbanística vixente como establece o artigo 24 da Lei 9/2013, de 19 de decembro do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.

7.- O local deberá permitir a instalación das conectividades precisas para dotar ao espazo de Internet por fibra simétrica co operador pertinente.

As instalacións de Internet por fibra será un condicionante inescusable xa que o espazo colaborativo que se pretende poñer en marcha terá unha importante variable tecnolóxica, permitindo aos usuarios navegacións de alta capacidade de cara a facilitar o traballo diario. Dita preinstalación suporá unha vantaxe á hora de deseñar a capacidade operativa dos postos e gardar en servidores a información xenerada.

8.- Co obxecto de acreditar a necesaria representatividade e visibilidade do espazo, o local terá cando menos 10 metros de fachada de cara ao espazo público, rúa ou praza lindante.

A conformación externa da edificación debe ser singular, moderna e innovadora potenciando a imaxe tecnolóxica do espazo colaborativo, no que a superficie de escaparate será un elemento importante. Perséguese un bo reparto de luz natural nunha distribución interna versátil e modelable, de cara a conseguir unha eficiencia enerxética que reduza os custes de mantemento e consumo, ademais de potenciar a imaxe de integración nun ambiente laboral amable. Os metros de fachada serán a presentación do espazo cara ao usuario.

9.- O local deberá estar inscrito no Rexistro da Propiedade e estará libre de cargas e gravames, arrendatarios ou ocupantes e deberá estar ao corrente do pagamento do imposto de bens inmovibles e das taxas de subministro de auga e saneamento e recollida e tratamento de residuos.

10.- O prazo de entrega do local non poderá ser superior aos 30 días naturais dende a formalización.

Dispoñer do espazo no menor tempo posible permitirá poñer en marcha canto antes o espazo colaborativo, e con elo, iniciar a actividade no presente ano co inicio da actividade empresarial despois do período estival.

Por todo o exposto, admitiranse á licitación proposicións de locais que contando ca superficie, ubicación, accesibilidade, normativa urbanística, metros cadrados mínimos de fachada e inscrición no rexistro da propiedade necesiten obras para cumprir cas características deste prego. Para elo deberán presentar proxecto ou documentación técnica descritiva no Sobre C que o adxudicatario co contratista executará e o concello supervisará. As obras executaranse no prazo máximo de trinta días naturais dende a formalización do contrato.

16.- CONDICIÓN ECONÓMICAS DO CONTRATO

O pagamento realizarase na modalidade de pago aprazado de acordo co establecido na Disposición adicional terceira punto 9 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o pagamento distribuírase nas seguintes anualidades:

	Anualidade	Pagos e importe máximo sobre o orzamento de licitación	% sobre orzamento máximo de licitación	Aplicación Orzamentaria
1	Ano 2019 - unha vez formalizado o contrato,	399.025,98 euros	0,68%	2411-63200
2	Ano 2020 (antes 30/12/2020)	91.219,77 euros	0,16%	2411-63200
3	Ano 2021 (antes 30/12/2021)	91.219,75 euros	0,16%	2411-63200
	Total	581.465,50 euros	1,00%	2411-63200

Co último pago cancelarse a totalidade da débeda co adxudicatario, sen prexuízo de que o concello poida en calquera momento satisfacer o total da débeda pendente segundo as súas dispoñibilidades orzamentarias quedando nese momento cancelada a débeda, sen que o adxudicatario teña dereito a solicitar indemnización algunha.

En canto ao primeiro pagamento, no caso de que sexa necesario realizar obras no local, o pagamento realizarase nos trinta días seguintes ao de emisión de informe polos técnicos municipais de conformidade coas obras realizadas.

CAPÍTULO IV. DEREITOS E OBRIGAS DO CONTRATISTA

17.- DEREITOS E OBRIGAS

O adxudicatario obrígase a realizar a entrega do local na forma e prazos que se fixen no acordo de adxudicación e, a cumprir o resto dos compromisos derivados do presente prego

As partes contratantes comprométese e obrigan a realizar cantas escrituras de emenda, rectificación e calquera outras fosen precisas para a inscrición da mesma nos Rexistro da Propiedade correspondente.

O contrato debe conter obrigatoriamente, polo menos, as seguintes cláusulas: O primeiro pago do prezo ao adxudicatario seralle abonado mediante transferencia bancaria no prazo de un mes a que se formalice o contrato. O resto do pagamentos realizaranse mediante transferencia bancaria nos prazos indicados na cláusula 16 unha vez presentada factura no caso de que a operación este suxeita a IVE.

Todos os gastos e impostos derivados da transmisión serán satisfeitos polas partes segundo a lei.

18.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE

O adxudicatario deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso e á que se lle deu o referido carácter no prego ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante o prazo de cinco anos desde o coñecemento da información. Os órganos de contratación non poderán divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designasen como confidencial.

19.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar na súa integridade a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

CAPÍTULO V. EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO

20.- INCUMPRIMENTO

En caso de incumprimento, serán de conta e cargo exclusivo da parte incumplidora todos os gastos que con tal motivo orixinense, incluídas costas xudiciais, honorarios de Letrado e dereitos de Procuradores, aínda cando a súa intervención non fose necesaria, e debendo ademais a parte incumplidora indemnizar á outra de todos os prexuízos causados.

21.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Aplicaranse as causas de resolución dos contratos de compravenda previstas no Código Civil e normativa concordante.

22.- XURISDICIÓN COMPETENTE

As distintas cuestións e conflitos que se susciten en relación co contrato serán coñecidas pola Xurisdición civil en canto a efectos e extinción.

Considéranse actos separables os relativos a preparación e adjudicación do contrato, correspondéndolle a competencia en caso de reclamación xudicial no que se refire a estas fases a Xurisdición Contencioso Administrativa.

ANEXO I

D/D^a _____ con DNI n.º _____ en nome propio (ou da empresa que representa) _____, con NIF n.º _____ ao obxecto de participar no procedemento de adquisición por procedemento aberto utilizando una pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo, dun ben inmovible libre de cargas e gravames para destinalo a lugar de espazo colaborativo coworking, na modalidade de compravenda con pago aprazado, do Concello Ames:

DECLARO

- 1.- Que o licitador, os seus administradores, representantes, así como o/a firmante, non está incurso/a en ningunha das prohibicións ou incompatibilidade para contratar sinaladas nos artigos 70 e 71 da LCSP, nos termos e condicións previstos nos mesmos.
- 2.- O fiel cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, conforme esixe a Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), nos termos e condicións previstos na norma.
- 3.- Que a empresa á que representa atópase ao corrente do cumprimento de todas as obrigacións tributarias e coa seguridade social impostas polas disposicións vixentes, e que non ten débedas en período executivo co Concello de Ames.
- 4.- Que autoriza expresamente ao Concello de Ames a remitir as notificacións que procedan con respecto ao presente expediente de licitación por correo electrónico á seguinte dirección: _____
- 5.- Que autorizo expresamente ao persoal designado polo Concello de Ames, a acceder ao local que se oferta neste procedemento, coa finalidade de inspeccionar e comprobar o estado de conservación da finca e o cumprimento dos requisitos do local recollidos neste prego cantas veces estime oportuno, previa solicitude.

(Lugar, data e firma)

ANEXO II.

ANEXO II. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D/D^a _____ con DNI n.º _____ en nome propio (ou da empresa que representa) _____, con NIF n.º _____ ao obxecto de participar no procedemento de adquisición por procedemento aberto, utilizando una pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo, dun ben inmobile libre de cargas e gravames para destinalo a lugar de espazo colaborativo coworking, na modalidade de compravenda con pago aprazado, do Concello de Ames, fago contar que son coñecedor d prego que serve de base o contrato, que o acepto integramente tomado parte da licitación e realizando a seguinte oferta:

Prezo de venta:

O prezo de venta do local ofertado é de :

Base	IVE (indicar soamente nos casos que sexa esixible)	Total

Indicar en que zona se atopa o local:

Zona A

Zona B

Outros criterios avaliados de forma automática:

Criterio 1. Redución no prazo de entrega do local a contar dende a formalización do contrato (30 días naturais) ata un máximo de 15 días naturais	
Días de redución	
Criterio 2. Metros cadrados de fachada de cara ao espazo público, rúa ou praza lindante.	
Metros cadrados de fachada	
Criterio 3. Distancia do local á parada de transporte público metropolitano mais cercana en metros	
Distancia en metros	
Criterio 4. Ubicación do local.	
Dirección na que se ubica o local	
Criterio 5. Características do inmobile	
Dispón/rá de aire acondicionado. (Indicar si/non)	
Dispón/rá de sala de reunións. (Indicar si/non)	
Dispón/rá de despachos (indicar número de despachos dos que dispón o local)	

(Lugar, data e firma)

ANEXO III. PLANOS



Zona A: O estudo que se incorpora a este expediente, toma como referencia seis locais , fixando un valor medio unitario dentro de unha banda de valores de 597,00€/m² c. e 730 m² c.(valores sen IVE).

Si tomamos como referencia o prezo máximo(730 m² c.) multiplicado polos metros cadrados útiles cos que ten que contar o local (350m²). Resultaría un prezo máximo do local de 255.500,00 euros mais 53.655,00€ correspondentes ao IVE o que fai un total de 309.155,00 euros.

Zona B: O estudo que se incorpora a este expediente, toma como referencia doce locais , fixando un valor medio unitario dentro de unha banda de valores de 1.123 €/m² c. e 1.373 m² c.(valores sen IVE).

Si tomamos como referencia o prezo máximo(1.373 m² c.) multiplicado polos metros cadrados útiles cos que ten que contar o local (350m²). Resultaría un prezo máximo do local de 480.550,00 euros mais 100.915,50€ correspondentes ao IVE o que fai un total de 581.465,50 euros.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás trece horas e trinta minutos estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo